

Elementos Dos Castros



Ⓜ primeiro elemento imprescindible do poboado é a *muralla*, que pode ir precedida dun *foso*. Esta fortificación amurallada preséntase como a obra máis complexa e espectacular do castro. Para moitos, a súa principal función era a defensa da comunidade.



A segunda función que parece menos polémica, é a de delimitar o propio asentamento. Un **elemento de prestixio**, como en toda a Idade Media que lle dá poder á aldea e intimida a posibles inimigos. A teoría apunta a que primeiro levantaban a muralla e despois comezaban a construír as casas da aldea.



A **croá**, que é a parte central do castro, está rodeada por unha muralla de pedra e terra e fosos escavados en forma de U. Completan a defensa os desniveis e terrapléns naturais do terreo. No exterior do castro atópanse os **antecastros**, espazos acoutados que poderían ter unha utilización diversa (pastoreo, cultivo, talleres artesanís).

Ao longo da súa historia, os castros cambiaron a súa localización e estrutura, enmarcados en diferentes épocas. Os primeiros asentamentos sitúanse en **outeiros** e pequenas elevacións e son de tamaño reducido, para dar paso aos que se asentan en **vales** e que gañan en extensión e poboación.

Establécense tres tipos fundamentais de castros:

Castros de interior. *Son os máis numerosos, e están situados en pequenos outeiros ou elevacións, con planta circular ou ovalada e amurallados.*



Castros en zonas montañosas.

Teñen forma oval e ocupan as ladeiras de montañas aproveitando o desnivel natural como defensa para engadir murallas e fosos. Son frecuentes na parte oriental do territorio galego.



Castros costeiros.

Presentan unha planta de forma variada, adáptanse ao terreo escarpado para establecer defensas naturais no litoral. Tamén dispoñían de murallas e fosos para reforzar a protección da aldea.

